




Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Outubro 2023



El alma de los pulpos: conoce a la criatura más sorprendente del planeta	3
Amantes de la Ciencia: 20 años de divulgación científica en España.....	4
La armonía de las células: una exploración de la medicina y del nuevo ser humano	5
La biología aprieta pero no ahoga.....	6
Biología para Elisa: la poesía del conocimiento	7
Construyendo la tabla periódica	8
Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas.....	9
Los diálogos: conversaciones sobre la naturaleza del universo	10
The elements: a visual exploration of every known atom in the universe.....	11
Enigma: la extraña vida de Alan Touring.....	12
Estrelas galegas da ciencia: unha historia de persoeiros e de achados asombrosos.....	13
Feynman.....	14
Inmuno power: conoce y fortalece tus defensas.....	15
El libro de la física	16
Marie Curie	17
El nanomundo al descubierto: un viaje a lo más profundo de la materia... y al futuro	18
Neurociencia para Julia: un viaje de exploración a la máquina de la mente	19
Océano	20
Querido Isaac, querido Albert: una historia epistolar de la ciencia	21
Química asombrosa: una historia del mundo a través de las agrupaciones de los átomos.....	22
Soñadores: cuatro genios que cambiaron la historia	23

Tiny creatures: the world of microbes	24
El tío Tungsteno: recuerdos de un químico precoz	25
El universo en tus manos.....	26



AUTORÍA
Montgomery, Sy

TÍTULO
El alma de los pulpos: conoce a la criatura más sorprendente del planeta


PUBLICACIÓN
Barcelona: Seix Barral, 2018

ISBN
9788432234248

SINATURA
DIV-513

Os polbos teñen moitas personalidades e son intelixentes de moitos xeitos: poden abrir caixas para sacar comida, lanzar chorros de auga para xogar con pelotas, escapar dos seus coidadores e coidadoras usando unha rede para saltar do acuario, e correr polo chan coas súas oito patas. Teñen un pico como os loros, veneno como as serpes, e unha lingua cuberta de dentes. Que saben? Que pensamentos teñen? As persoas científicas probaron intelixencia de cans, paxaros e chimpancés, e agora enfróntanse á intelixencia dos polbos, vendo como resollen problemas e descifrando o significado dos seus cambios de cor.

Neste libro, Montgomery conta, ademais de como cambia o noso coñecemento sobre os polbos, unha historia de amor: a súa (e, por extensión, a da persoa que le o libro) cos cefalópodos. Divertido, conmovedor e profundo, *El alma de los pulpos* expón, por primeira vez, todo o que os polbos nos poden ensinar sobre nós.



AUTORÍA

Fundación Española para
la Ciencia y la Tecnología

TÍTULO

*Amantes de la Ciencia: 20
años de divulgación
científica en España*

PUBLICACIÓN

Madrid: FECYT, 2007

ISBN


9788495600547

SINATURA

DIV-242

As persoas participantes na conferencia mundial sobre "A Ciencia no século XXI: un novo compromiso" celebrada en Budapest en 1999 comprometéronse a facer todo o posible para promover o diálogo entre a comunidade científica e a sociedade. O instrumento para levar isto a cabo son as enquisas de percepción pública da ciencia, fundamentais para coñecer as necesidades, desexos e dificultades da cidadanía.

Os Museos Científicos Coruñeses e a FECYT publican este libro en 2007 aproveitando a celebración do Ano da Ciencia en España, que supón unha oportunidade única para promover a cultura científica da cidadanía. Os traballos que se reúnen nesta obra son unha mostra do que é e debe ser unha boa divulgación científica que axude a entender a ciencia e a tecnoloxía como motores do desenvolvemento social e económico nunha sociedade moderna. No seu conxunto, supoñen un esforzo considerable por mellorar a comunicación entre as persoas investigadoras e a poboación en xeral, e salientan o papel da ciencia e a tecnoloxía no desenvolvemento socioeconómico e benestar social



AUTORÍA

Mukherjee, Siddhartha

TÍTULO

La armonía de las células: una exploración de la medicina y del nuevo ser humano

PUBLICACIÓN

Barcelona: Debate, 2023

ISBN

9788419399465


SINATURA

DIV-526

Benvidos e benvidas á emocionante historia da Célula. Neste libro, o oncólogo e divulgador Siddhartha Mukherjee lévamos nunha viaxe a través dun dos maiores descubrimentos da Historia: o feito de que todos os organismos vivos complexos están compostos de unidades diminutas e autónomas chamadas células.

Isto, sumado á maior comprensión da Fisioloxía Celular, cambiou para sempre o xeito de abordar a Medicina, a Ciencia, a Bioloxía, as estruturas sociais e, en xeral, a cultura. Unha fractura de cadeira, unha parada cardíaca, o alzheimer, o sida, un cancro...todo pode explicarse como resultado dun funcionamento anómalo das células ou dos ecosistemas que forman, e todo debería poder tratarse mediante manipulación terapéutica.

Esta revolución no eido da Bioloxía Celular ten amosado resultados transformadores, e hoxe presentase como un dos avances científicos que poden salvar máis vidas.



AUTORÍA
Pazos, Tamara

TÍTULO
La biología aprieta pero no ahoga

PUBLICACIÓN
Barcelona: Paidós, 2022

ISBN
9788449339394

SINATURA
DIV-528

Unha viaxe de ida e volta ao orixe da vida para comprender a especie humana desde unha óptica naturalista, e desfacernos desas falacias que pretenden que nos axustemos a leis e normas preestablecidas. Porque o "natural" vai moito máis alá do empírico, é o social o que nos convirte no que somos.

Tamara Pazos, coñecida en redes sociais como *Putamen_T* presenta este seu primeiro libro no que, desde unha base científica, facilítanos ferramentas para nos enfrontar aos grandes debates públicos da actualidade.



AUTORÍA

Martínez Abraín, Alejandro

TÍTULO

Biología para Elisa: la poesía del conocimiento

PUBLICACIÓN

Almenara, Castellón: Tundra, 2022

ISBN

9788419624048

SINATURA


DIV-507

Con esta obra de divulgación científica o autor tenta facer accesible ao público en xeral, e, particularmente, á xente nova, as aplicacións da Bioloxía moderna para mellorar a nosa vida.

As vulnerabilidades asociadas a nosa natureza social e a estrutura do noso cerebro, o noso papel na Biosfera, a profundidade do tempo xeolóxico, o papel determinante do clima na historia da vida, os camiños da evolución, os segredos das plantas, e, incluso, a nosa propia domesticación, abórdanse con palabras sinxelas. Esta obra ofrecemos unha mensaxe positiva sobre a futura relación do ser humano coa Biosfera, lonxe da corrente apocalíptica que predomina nos medios de comunicación.

Construyendo la tabla periódica

Miguel Calvo Rebollar



AUTORÍA

Calvo Rebollar, Miguel

TÍTULO

Construyendo la tabla periódica

PUBLICACIÓN

Zaragoza: Prames, 2019

ISBN

9788483219089


SINATURA

DIV-508

Este non é un libro de Química, é un libro de persoas e elementos químicos. Trata das persoas que descubriron, illaron e colocaron os elementos químicos dentro dunha estrutura intelectual que permitía predicir, antes de telos nas mans, as súas propiedades a partir das dos seus veciños.

Tamén trata dos ladrillos cos que está construído o Universo: como son, de onde veñen, para que valen, e como foron cambiando o seu valor e o seu uso ao longo da Historia.

O ouro é un metal precioso empregado no adorno persoal dende sempre, e así seguirá, previsiblemente; o ferro usouse e úsase para fabricar coitelos dende hai milenios. Pero o mercurio pasou de ser un elemento moi importante para o imperio español porque se utilizaba para extraer prata de América, a ser un material perigoso que apenas se usa; uranio en tempos de Mendeleyev usábase só para colorear vidro e agora permite obter grandes cantidades de enerxía e fabricar armas mortíferas.



AUTORÍA

Mariño Alfonso, Xurxo

TÍTULO

Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas

PUBLICACIÓN

Santiago: Consello da Cultura Galega, 2005

ISBN


8496530051

SINATURA

DIV-77

Lonxe dos antigos medos que proporcionaba a crenza en meigallos, Xurxo Mariño lévamos ao estado de tranquilidade de quen coñece os mecanismos dos procesos que nos rodean, coa teima concreta de poñer os coñecementos ao alcance de cadaquén, empregando palabras cotiás, exemplos accesibles, sen abandonar o rigor científico.

Salpicado co humor de Xosé Lois, esta obra é unha viaxe ao mundo físico e biolóxico no que vivimos, un mundo gobernado polo azar dos dados lanzados por un reloxeiro chamado Evolución.



AUTORÍA

Johnson, Clifford V.

TÍTULO

*Los diálogos:
conversaciones sobre la
naturaleza del universo*

PUBLICACIÓN

Barcelona: Debate, 2019

ISBN


9788499929934

SINATURA

DIV-393

A única preocupación do físico Clifford V. Johnson é a de conseguir introducir a Ciencia nas conversas, e abandonar a idea de que é un asunto complicado destinado só a pensadores abstractos. Coa naturalidade coa que charlamos sobre calquera asunto, Clifford invítanos a descubrir a través deste cómic de que está feito o noso mundo, como se configurou ou como o comprendemos.

Desde a ciencia culinaria, pasando pola Teoría das Cordas ou os buracos negros, as conversas que escoitamos ás escondidas demostran que as grandes preguntas da Física son relevantes para todas e todos, e, ademais, contaxian a emoción de aprender.



AUTORÍA
Gray, Theodore

TÍTULO
The elements: a visual exploration of every known atom in the universe


PUBLICACIÓN
New York: Black Dog & Leventhal Publishers, 2009

ISBN
9781579128142

SINATURA
DIV-281

Unha fascinante exposición fotográfica dos elementos da táboa periódica, incluídos os máis recentes. Todo o que é tanxible neste mundo está formado por elementos, e todos eles teñen dúas caras: os seus estados puros e unha ampla variedade de compostos químicos que forman cando se combinan con outros elementos. Esta obra dá-nos a oportunidade de ver ambos os dous aspectos de cerca. As imaxes constitúen o retrato máis complexo e visualmente espectacular de cada elemento no Universo.

Organizado pola súa orde de aparición na táboa periódica, o libro presenta cada elemento cunha fotografía no seu estado puro, ademais de fotografías do elemento como aparece no mundo: os compostos, e as aplicacións na vida cotiá. O texto conta a historia de cada elemento, ademais de datos científicos como peso atómico, radio atómico ou estrutura cristalina, e tamén as temperaturas nas que o elemento se converte en sólido, líquido ou gas.



AUTORÍA

Reiccioni, Francesca;
Pettinato, Tuono

TÍTULO

*Enigma: la extraña vida de
Alan Touring*

PUBLICACIÓN

Barcelona: Norma Editorial,
2015

ISBN

9788467919783

SINATURA

DIV-315

Unha recreación da vida do prestixioso científico Alan Turing, chea de humor e enxeño. Turing foi o pai da Intelixencia Artificial, que descifrou o misterioso código nazi "Enigma".

Unha personalidade extravagante e soñadora que chega ao cómic mediante o debuxo e as cores contundentes de Tuono Pettinato e o divertido guión de Francesca Riccioni.



AUTORÍA

Vence Fernández, Maite

TÍTULO

Estrelas galegas da ciencia: unha historia de persoeiros e de achados asombrosos

PUBLICACIÓN

A Coruña: Hércules, 2023

ISBN


9788419754073

SINATURA

DIV-512

Este é un libro ilustrado, de ton divulgativo e divertido, que explica a historia da ciencia feita en Galicia e a dos seus persoeiros e achados científicos máis significativos.

Cando se crearon as universidades e centros galegos de investigación? Quen foron aqueles científicos e científicas, inventores e inventoras máis sobresaíntes ao longo da historia? Cales foron os achados máis fascinantes? Nesta historia da ciencia responderanse estas preguntas e moitas outras. Un libro necesario e sorprendente, para un público sempre curioso e con vontade de aprender o que non se atopa nos libros de texto



AUTORÍA

Ottaviani, Jim; Myrick, Leland

TÍTULO

Feynman

PUBLICACIÓN

Barcelona: Norma, 2012

ISBN


9788467909005

SINATURA

DIV-306

Esta é a primeira biografía gráfica sobre a extravagante vida de Richard P. Feynman, un dos físicos máis importantes do século XX.

As páxinas a cor desde libro narran vida de Feynman desde a súa infancia en Long Island ata a súa participación no Proxecto Manhattan, ademais da obtención do Nobel de Física polas súas teorías sobre a Electrodinámica Cuántica e a comisión de investigación da traxedia do Challenger. Trata tamén aspectos máis persoais, como os seus tres matrimonios e a súa loita contra o cancro.



AUTORÍA

González Fernández, África

TÍTULO

Inmuno power: conoce y fortalece tus defensas

PUBLICACIÓN

Madrid: La Esfera de los Libros, 2021

ISBN

9788413841748


SINATURA

DIV-455

Este libro axuda a coñecer o sistema inmunitario, no que se dá resposta a preguntas como: De que te protexe o teu sistema inmunitario? Que causa o cancro? Como inflúe a idade nas nosas defensas? Cal sería a vacina perfecta? Ten solución a alerxia? Que función ten a febre?

Cun afán divulgativo admirable, a doutora África González cóntanos os segredos da nosa inmunidade e que pasa cando nos falla. Tamén nos informa das técnicas inmunolóxicas e dos últimos avances en inmunoterapia.

Este manual axudaranos a comprender un dos sistemas máis complexos do noso corpo



Stuart, Colin; Abadía, Ximo


El libro de la física

Santiago de Chile:
Contrapunto, 2018

9789562571791

DIV-148

O noso universo é asombroso. Desde estrelas en explosión ata raios invisibles, como comezamos a comprender algúns dos maiores descubrimentos científicos do noso tempo, e que misterios quedan sen resolver? Adéntrate nun mundo surrealista e visualiza o son dun sonar, acha a velocidade da luz e marabíllate cos fenómenos do espazo nesta extraordinaria exploración da física.



AUTORÍA
Milani, Alice

TÍTULO
Marie Curie


PUBLICACIÓN
Madrid: Nórdica Libros, 2019

ISBN
9788417651169

SINATURA
DIV-418

Cando María Sklodowska chegou a París e se matriculo na Sorbona xa tiña 24 anos. En Polonia traballara como institutriz para aforrar os cartos necesarios e empezar os seus estudos de Física. Fíxose famosa co apelido do seu marido, Pierre Curie, co que traballou investigando unha substancia descoñecida con propiedades bastante curiosas: emitía enerxía, luz e calor.

Estamos no albor da Física Nuclear e das mulleres no mundo da Ciencia. Tras a inesperada morte de Pierre, Marie seguiu adiante coa súa carreira, brillante e independente, pero ela tivo que se enfrontar á mentalidade conservadora da Europa de principios do século XX.



AUTORÍA

Morales, Anna

TÍTULO

El nanomundo al descubierta: un viaje a lo más profundo de la materia... y al futuro

PUBLICACIÓN

Barcelona: Paidós, 2023

ISBN

9788449339943

SINATURA


DIV-525

Este libro convida a todas as persoas curiosas a adentrarse no espazo do pequeno para ver que de que van realmente a Nanociencia e a Nanotecnoloxía.

Estas páxinas serven de guía para que nos fagamos unha idea do mundo que nos rodea baixo unha nova perspectiva: a que nos axuda a entender como se articula a materia, desde os electróns ata os materiais macroscópicos. Para iso falaremos da teoría Atómica, da organización dos electróns nos átomos, de forzas inter e intramoleculares, de estruturas cristalinas e de moito máis.

Cando teñamos asimilados estes coñecementos poderemos comezar a ver como se comporta a materia pequena e que propiedades ten, e, por suposto, os distintos instrumentos que temos para observar, medir e incluso manipular a materia a nanoescala.

Prepárate ara disfrutar desta viaxe ao nanomundo.



AUTORÍA

Mariño Alfonso, Xurxo

TÍTULO

Neurociencia para Julia: un viaje de exploración a la máquina de la mente

PUBLICACIÓN

Pamplona: Laetoli, 2012

ISBN

9789562571791

SINATURA

DIV-424

Nas primeiras liñas desde libro o seu autor, o biólogo e divulgador científico Xurxo Mariño escribe: "Imos facer unha viaxe de exploración moi particular no que a estación de destino, a túa mente, Julia, é, tamén, vehículo de transporte.

Como unha pescada de morde a cola os seres humanos miramos cara o noso interior e usamos a mente consciente para tratar de descifrar a máquina que a produce: o sistema nervioso. Ninguén sabe se será posible coñecer todos os seus segredos, pero agora, por primeira vez desde que comezou a aventura da Ciencia, comprendemos e podemos explicar moitos dos fenómenos que ocorren aí dentro".



AUTORÍA

Druvet, Hélène; Grundmann,
Emmanuelle

TÍTULO

Océano

PUBLICACIÓN

Madrid: Maeva, 2019

ISBN


9788417708146

SINATURA

DIV-419

Mergúllate para descubrir o verdadeiro pulmón do noso planeta, vai o encontro dos seus habitantes, unha flora e unha fauna asombrosas que se revelan detrás de despregables e figuras espectaculares. Comprende o nacemento dunha onda, observa as fumarolas negras das profundidades, admira o teatro coralino ou o ballet dos animais bioluminiscentes.

Este precioso libro ofrécete unha nova ollada das múltiples caras do océano e explícache os seus misterios.



AUTORÍA

Sánchez Ron, José Manuel

TÍTULO

Querido Isaac, querido Albert: una historia epistolar de la ciencia

PUBLICACIÓN

Barcelona: Crítica, 2023

ISBN


9788491994916

SINATURA

DIV-518

É imposible dar idea da variedade de temas que tratan as cartas que aparecen neste libro, tanto desde o punto de vista persoal como do científico. É un libro que non se asemella a ningún outro publicado ata a data e que constitúe unha historia (parcial) alternativa da Ciencia.

Entre os moitos episodios que se tratan atópanse, por exemplo as cartas mediante as que Edmund Halley convenceu a Isaac Newton para que escribira en 1687 a súa obra *Philosophiae Naturalis Principia Mathematica*, a dramática carta que escribiu Lavoisier antes de ser guillotinado, ou a reacción de Charles Darwin cando se decatou de que Alfred Russel Wallace chegara á mesma teoría da Evolución das Especies ca el. Tamén están as cartas que lle escribiu Albert Einstein a Mileva Maric, daquela súa noiva, e outras que escribiu a varios correspondentes que amosan a influencia que exerceu a Filosofía para chegar á Teoría da Relatividade especial.



AUTORÍA

Torregrosa, Daniel

TÍTULO

Química asombrosa: una historia del mundo a través de las agrupaciones de los átomos

PUBLICACIÓN

Madrid: Pinolia, 2023

ISBN


9788418965791

SINATURA

DIV-511

A historia da Humanidade pode cambiar cando se revisa en termos científicos. Se tiveramos os coñecementos científicos con que contamos hoxe, a vida dos nonos antepasados e antepasadas sería diferente.

Ao longo dun camiño de interese intelectual, felices acertos, erros produtivos, perseveranza e azar, fomos entendendo a estrutura molecular de todo o que nos rodea. É decisión nosa o uso que lle queiramos dar a ese coñecemento. Este libro achégase a algúns casos históricos que explican de que maneira, ás veces casual, se deron os grandes descubrimentos no eido da Química, cales foron as súas figuras máis salientables, contra que enfermidades e tóxicos pode protexernos o saber, e que vantaxes temos con respecto a tempos pasados, simplemente, polo feito de saber máis de Química.



AUTORÍA

Villani, Cédric; Baudoin,
Edmond

TÍTULO

*Soñadores: cuatro genios que
cambiaron la historia*

PUBLICACIÓN

Bilbao: Astiberri, 2016


ISBN

9788416251582

SINATURA

DIV-316

Ás veces un chispazo de enxeño cambia o curso da Historia. É o caso destes catro visionarios que foron actores clave pero discretos dunha aventura que os superaba: a Segunda Guerra Mundial. Werner Heisenberg, pioneiro na investigación da bomba atómica, alan Turing, que conseguiu descifrar o *Código Enigma* do réxime nazi, Leo Szilard, que entendeu antes que ninguén a reacción nuclear en cadea, e Hugh Dowling, un militar cuxa reflexión estratéxica foi decisiva na Batalla de Inglaterra. Edmond Baudoin, un dos autores máis emblemáticos do cómic francés contemporáneo une o seu talento ao prestixioso matemático galo Cédric Villani para crear esta obra, entre documental científico e cómic poético, que difunde xéneros e disciplinas. Mergúllanse na mente e o corazón destes catro homes interesándose, sobre todo, pola súa faceta máis humana.



AUTORÍA

Davies, Nicola; Sutton,
Emily

TÍTULO

*Tiny creatures: the world
of microbes*

PUBLICACIÓN


Somerville: Candlewick
Press, 2014

SINATURA

DIV-288

Arredor do Mundo (no mar, no chan, no aire, e no teu corpo!) hai seres vivos tan pequenos que caberían millóns no que ocupa unha esta frase. Estes seres están ocupados facendo todo tipo de cousas, desde provocarche un arrefriado ou facer iogur, a erosionar montañas e axudar a crear o aire que respiramos.

Este increíble libro descobre como as cousas máis pequenas do planeta poden facer os traballos máis grandes!



AUTORÍA
Sacks, Oliver

TÍTULO
*El tío Tungsteno: recuerdos de
un químico precoz*

PUBLICACIÓN
Barcelona: Anagrama, 2009

ISBN
9788433972866

SINATURA
DIV-104

O autor evoca neste emocionante libro de memorias a súa nenez en Inglaterra. O ruído que fai unha pequena barra de tungsteno ao caer será a chave que abra as portas das súas lembranzas. Durante a Segunda Guerra Mundial enviaron a Oliver a un internado que foi un inferno de fame e penurias. Cando regresou a Londres, atopou a súa salvación no mundo da Ciencia, co que lle volve dar orde e sentido a súa vida. Iníciase o seu tío Dave, o "Tío Tungsteno", dono dunha fábrica de lámpadas eléctricas. E así, totalmente absorto na Física e na Química, constrúe o seu peculiar paraíso intelectual.



AUTORÍA

Bayés, Pilarín; Fernández-Vidal, Sonia, Miralles, Francesc

TÍTULO

El universo en tus manos

PUBLICACIÓN

Barcelona: La Galera, 2015

SINATURA

DIV-453

Cando Eva sube ao faiado onde traballa o avó Leonardo, non hai rastro del. O avó é unha persoa moi intelixente que sempre lle explica cousas de Ciencia a súa neta. Talvez nesta ocasión fixo un experimento perigoso, e pode ser que esa especie de nave espacial coa porta aberta teña algo que ver. Eva decide entrar na cápsula sen saber que comezará a aventura máis importante da súa vida: rescatar ao avó mentas aprende cousas incríbles do lugar no que vivimos, o Universo